

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (**ESQUERDA UNIDA-ANOVA**), a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e dos seus deputados **Xosé M. Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relacionada coa plantilla do centro de saúde de Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A merma de persoal na atención primaria supón unha merma equivalente na calidade asistencial e polo tanto, no dereito á protección da saúde da cidadanía. A redución dos planteis existentes sumado á paralización do Plan de mellora da atención primaria teñen significado un evidente retroceso. Retroceso que é, se cadra, aínda máis inadmisíbel cando falamos da infancia, xa que esta, debera merecer especial protección por parte dos poderes públicos.

A estas reducións de persoal súmanse a non cobertura de baixas, permisos e vacacións de xeito habitual. Situación especialmente lesiva no caso das categorías que só contan con un ou unha profesional nun centro, xa que, pola vía dos feitos queda suspendido o servizo ata que a persoa titular se incorpore.

Isto é o que ven sucedendo de xeito normalizado co servizo de pediatría do Centro de Saúde de Rianxo. O único profesional non é substituído cando desfruta dos permisos regulamentados, xerando situacións de desprotección nas que durante días e mesmo semanas non hai servizo de pediatría no centro.

Por outra banda, o conxunto das anpas, pais e nais, veñen de denunciar que a esta non cobertura de permisos súmase un exceso habitual no cupo de tarxetas adscritas a este pediatra, feito que incrementa máis o problema.



Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a substituír as ausencias do pediatra titular do Centro de Saúde de Rianxo e estimar a implantación dunha ou dun novo profesional.

Compostela, 14 de xaneiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/01/2016 13:05:23

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/01/2016 13:05:34

Anton Sánchez García na data 15/01/2016 13:05:37

Ramón Vázquez Díaz na data 15/01/2016 13:05:40

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/01/2016 13:05:43

Jose Javier Ron Fernandez na data 15/01/2016 13:05:47